

PERCORRIDOS RECOMENDADOS PARA ACCEDER EN BICICLETA AOS CAMPUS DE ELVIÑA E A ZAPATEIRA DA UDC

A asociación Mobi-Liza (Asociación por unha Mobilidade Responsable) elaborou para a UDC varios itinerarios de acceso ós Campus de Zapateira e Elviña en bicicleta. Estes traxectos están dispoñibles na páxina de [Google Maps](#) nas seguintes ligazóns:

[Acceso á UDC desde fora da Coruña](#)
[Campus Elviña \(UDC\)-A Palloza](#)
[A Palloza- Campus Elviña \(UDC\)](#)

Os percorridos propostos desde A Palloza ate Elviña e volta están suficientemente explicados na ligazón. A continuación detallamos o acceso desde fora da Coruña (desde a Ponte Pasaxe).

Acceso á Universidade desde fora da Coruña. Explicación do Percorrido:

[Acceso á UDC desde fora da Coruña](#)

Vindo da Ponte Pasaxe, ou do Burgo, é necesario ir á glorieta da ponte. A opción escollida por unha persoa con experiencia neste percorrido é pola beirarrúa e cruzando os pasos de peóns con semáforos. En todo caso, é moi importante mirar sempre e manifestar as nosas intencións de cruzar (incluso en verde, porque non se pon vermello para os coches senón en precaución e veñen moi rápido). É unha zona especialmente perigosa, polo que convén estar moi atentos e non arriscar en caso de dúbida.

Facendo isto poderemos chegar ao punto 1 (ver mapa), ao final da rúa de Santa Gema. É unha rúa sen saída para os coches, polo tanto moi segura e apracible para os ciclousuarios/as. Sóbese por esa rúa ata unha glorieta pintada onde se colle á esquerda pasando por debaixo da estrada de Santiago, e se chega a glorieta pintada que está na porta do Alcampo, onde collemos outra vez á esquerda, pasando polo lateral do centro comercial. Esta nova rúa pertence a Palavea, que por conservar as rúas rurais orixinais, e moi agradable de atravesar grazas o seu escaso e pausado tráfico de coches. Bordamos o Alcampo, e antes de chegar ao lavadoiro, collemos a esquerda por unha rúa moi estreita pero de sentido único, e seguimos todo recto Palavea arriba pasando pegados a un enorme muro de pedra que nos queda á esquerda ata chegar a un cruce que hai xusto debaixo da autoestrada, punto 2.

Collemos a esquerda e tras pasar por debaixo da autoestrada, collemos como se fósemos a esquerda pero o facemos para ir pola beirarrúa da marxe esquerda da vía que nos leva a CocaCola. Facemos iso para, subindo un pouco cara a esquerda, poder cruzar e coller a beirarrúa que está tocando fisicamente coa fábrica e subirmos polo lateral de Alfonso Molina ata o punto 3, o primeiro paso de peóns da estrada da Zapateira (é imprescindible usar a beirarrúa porque de usar a calzada fariámolo por sentido contrario ao de circulación).

Chegados ao punto 3, unha primeira opción é subirmos estrada arriba cara á Zapateira (aquí tamén se pode facer pola beirarrúa por mor do intenso e veloz tráfico e a inexistencia de beirarrúa) ata o punto 4, que é o arranque dunha pista de terra que nace dunha parcela baleira enfronte dunha das escolas. Agora iremos por esta sosegada e

tranquila pista de terra, gozando das fermosas vistas sobre a cidade, gozando dun merecido descanso da anterior subida, ata chegar o cruce que hai baixo o campus, no que colleremos a derradeira costa que nos leva a parte baixa de arquitectura (Punto 7).

A outra opción é ir a Elviña, dende o punto 3. Para iso, baixamos ata a gasoleira pola beirarrúa (é sentido contrario), e antes de esta (punto 5) baixamos polo carreiro que nos leva ata o lavadoiro de Elviña, e de aí, ao campus (punto 8).

Existe outra alternativa desde a Ponte Pasaxe, sen subir por Alfonso Molina, indo por Eirís, con menos tránsito de coches. Desde a Pasaxe (punto 1) hai que subir un cachiño da vella estrada ata o punto 6, onde cruzaremos para coller unha serie de pistas de case nulo tráfico que nos levan a sendas pasarelas que pasan sobre a vía de Alfonso Molina. Chegamos así aos mesmos puntos 3 e 8 xa indicados anteriormente.

